

[REDACTED]

Correo electrónico: [REDACTED]

Expediente **RSCTG 087/2017**

Reclamante: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 15 de setembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 15 de setembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte da Consellería de Pesca.

O escrito viña acompañado da reclamación que en data de 16 de xullo de 2017 dirixira o reclamante á Consellería do Mar en relación á petición dun convenio de colaboración entre esta e o Colexio de Enxeñeiros Navais e Oceánicos de España.

**Segundo** Tras a primeira valoración xurde a dúbida durante a instrución de se a petición realizada á consellería é ou non a mesma petición do expediente RSCTG 38/2017, ao poder tratarse do mesmo convenio reclamado naquel expediente. Expediente que xa dispón de resolución. Por isto, no momento do inicio do expediente se lle pide que aclare se a

información que solicita se refire ou non a dito convenio, para o que disporá un prazo de dez días, transcorridos os que terásele por desistido da petición.

O reclamante recibe o escrito o 27 de setembro de 2017.

**Terceiro** . Con data 26 de setembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado á Consellería do Mar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegaran informe e copia completa e ordenada do expediente.

O requirimento de expediente foi recibido con data do 28 de setembro de 2017 pola administración.

**Cuarto**. Con data 6 de outubro de 2017 se recibiu o informe da administración. O informe indica expresamente que se trata do mesmo convenio que se solicitou no expediente RSCTG 38/2017, pero que o asunto deste escrito podería derivar do feito de que non se lle poido proporcionar o informe de resultados pois non existe como tal.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola citada Lei 19/2013 e pola Lei 1/2016, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia, órgano colexiado, a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

### **Cuarto. Prazos**

De acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 19/2013 do 9 de decembro, e artigos 66 a 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas déuselle ao reclamante un prazo de dez días para que aclarase se a información que solicita se refería ou non ao convenio solicitado no RSCTG 38/2017. A recepción do oficio foi o 27 de setembro de 2017.

O prazo para achegar as aclaracións remataba o 11 de outubro de 2017. O reclamante deixou transcorrer o prazo sen dar resposta.

### **Quinto. Análise do expediente**

O informe da consellería indica que *“ estimamos podería entenderse coincidente: [REDACTED] [REDACTED] recorre tras notificarse (o día 25.04.2017) a resolución de 12.04.2017 que en resposta á solicitude presentada o 07.02.2017 resolve remitirlle: unha copia do contrato de consultoría e asistencia subscrito pola Consellería do Mar (entón Consellería de Pesca e Asuntos*

*Marítimos) co Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos con data 10.05.2007 e da súa modificación de data 23.11.2007 pero non do informe de resultados solicitado, pois non existe (...)."*

Os fundamentos xurídicos en base aos que se resolve o expediente RSCTG 38/2017 din : "*(...)pero non foi achegado o informe de resultado do contrato porque a Consellería indica que non existe*". Isto foi admitido como certo e non consta que esta resolución teña sido recorrida polo agora reclamante en vía contencioso administrativo.

Para remarcar este punto compre indicar que a achega de información que ampara a lexislación da transparencia so inclúe os contidos ou documentos que obren en poder dos suxeitos e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións, polo que se non existe o informe de resultados non pode ser achegado.

En todo caso, queda constancia no expediente que o reclamante non aclarou en que consistía a súa petición e se estaba relacionada co expediente en cuestión (RSCTG 38/2017), polo que existe un desistimento.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

## **ACORDA**

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

**Único:** Declarar o desestimento e declarar concluso o procedemento.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 13 de decembro

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga

